

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de xaneiro de 2022**

Ás 18.00 horas do día 19 de xaneiro de 2022, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, no salón de sesións da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández Pérez

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Popular dona Ana Patricia Torres Madureira (substituída por dona Consuelo Vispo Seara), nin a deputada do Grupo Socialista dona Rosario Rodríguez Delgado (substituída por dona Susana Rodríguez Estévez).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 9 de decembro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 9 de decembro 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (GES) PARA O PERÍODO 2022-2024

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que o seu grupo vai votar a favor desta proposta, e que hai que recoñecer que a Deputación de Ourense estivo moi dilixente á hora de asinar este convenio. En todo caso engade que se lle debería dar unha volta á xestión das emerxencias na Comunidade Autónoma e, en particular, ao papel dos concellos.

O **presidente da comisión** sinala que, efectivamente esta Deputación é a única que asinou o convenio nestes termos, o que supón un aumento da achega económica desta Deputación para a prestación deste importante servizo.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Ratificar a subscrición do convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Ourense en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) para o período 2022-2024.

2º.- Autorizar expresamente a distribución das anualidades de gasto para os exercicios 2022, 2023 e 2024, correspondentes á Deputación Provincial conforme co establecido no dito convenio.

3º.- Establecer que o libramento dos fondos se realice a favor dos concellos que sexan sede ou subsede dos grupos de emerxencia supramunicipais ou aos servizos municipais, conforme co establecido no dito convenio. A xustificación dos fondos levarase a cabo conforme coas previsións establecidas no dito convenio.

4º.- Designar como representantes desta Deputación na comisión mixta de seguimento do convenio ao presidente da Deputación, don José Manuel Baltar Blanco, ao deputado delegado de Transparencia e Administración Provincial, don Plácido Álvarez Dobaño, e ao deputado delegado de Cooperación, don Pablo Pérez Pérez (que poden ser substituídos polos deputados ou deputadas provinciais que se designen por decreto da Presidencia).

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pregunta se as máquinas que a Deputación por a disposición dos concellos para realizar asfaltados xa están arranxadas e operativas.

O **presidente da comisión** contesta que unha delas tivo unha avaría importante que estaba en reparación, polo que se informará sobre se xa existe dispoñibilidade. En todo caso engade que coas temperaturas frías desta época do ano non é aconsellable realizar estes traballos, que normalmente a Deputación soe comezar nos meses de marzo ou abril.

E ás 18.07 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.